

Acta da Reunión Extraordinaria da Xunta de Facultade celebrada o 12 de xullo de 2013

Asistentes:

Pita Grandal, Ana M^a
Allegue Agüete, Pilar
Rodríguez Domínguez, M^a Mar
Valcárcel Fernández, Patricia
Muleiro Parada, Luis M.

André Fernández, Rafael
Aneiros Pereira, Jaime
Barahona Martín, Magdalena
Bergareche, Gros, Almudena
Bouso Cedrón, Pedro
Bruna Quintas, M^a Cristina
Caballero Fernández, Gloria
Cabeza Pereiro, Jaime
Domínguez Rubira, Carmen
Fernández Acevedo, Rafael
Fernández Carballo-Calero, Pablo
Fernández Docampo, M^a Belén
Ferrero Martínez, M^a Dolores
Fuenteseca Degeneffe, Margarita
García Gestoso, Noemi
García Mosquera, Marta
González Pillado, Esther M^a
Grande Seara, Pablo
Ibáñez Paz, Regina
Manzano González, Baltasar
Mariño de Andrés, A. Manuel
Martínez Hens, Helena
Martínez Táboas, Teresa
Menéndez García, Pablo
Orge Míguez, José Carlos
Rodríguez Damián, Amparo
Rodríguez Rodríguez, Emma
Ruiz Hidalgo, Carmen
Tato Plaza, Anxo
Trigo Gómez, Pilar
Valeije Álvarez, Inma

Vicente Remesal, Javier de

Barreiro Carril, M^a Cruz
Estévez Abeleira, Teresa
Núñez Ramos, José Ramón
Salgado André, M^a Elena
Sarabia García, M^a Jesús
Teixeira Rodríguez, Julio

Álvarez Francés, Irene
Álvarez Morais, Noelia
Araújo Figueroa, Isaac Borja
Diéguez Rodríguez, José Miguel
Estévez Castro, Águeda
Fernández Huidobro, Adrián
Francisco Bergiela, Agustín

Cabadas García, Fernando
Estévez Costas, Belén
Núñez Martínez, Lucía
Rubianes Ferro, José Luis

Iglesias Prado, Elena
López Prieto, M^a Nieves
Macías Cambra, Henrique
Ramil Vázquez, Paula
Rivas Suanzes, M^a Fernanda
Vázquez Escudero, Antonio José
Zas Varela, Mónica

Iníciase a reunión sendo as 12.15 h. coa seguinte:

PUNTO ÚNICO.- Elección de Decano/a da Facultade de CC. Xurídicas e do Traballo

PUNTO ÚNICO.- Elección de Decano/a da Facultade de CC. Xurídicas e do Traballo

En aplicación da normativa de elección de Decanos e Directores de Centro asume a Presidencia da reunión o Profesor Pablo Menéndez García, quen procede a explicar o procedemento que debe seguirse para levar a cabo a votación.

Cédelle a palabra á Profesora Ana María Pita Grandal, única candidata que se presenta a este proceso, quen fai unha exposición do seu proxecto para os vindeiros tres anos.

A profesora Pita Grandal comeza facendo unha exposición das labores que impulsou no presente mandato. Agracede ao equipo decanal co que contou, ao PAS do Centro, ao alumnado e ao Profesorado a axuda a boa disposición que tiveron en todo momento. Presenta ao equipo que de resultar elexida a axudará a asumir as tarefas que para os vindeiros tres anos se marca. O equipo estaría constituído polos seguintes membros: Pilar Allegue Agüete, Luis Muleiro Parada, José Carlos Orge Míguez e Patricia Valcárcel Fernández, como Vicedecanos/as e Emma Rodríguez Rodríguez como Secretaria. Explica que de ser reelixida os vindeiros tres anos continuará na liña do que foi este primerio mandato acometendo temas como a mellora das infraestructuras, a implantación plena do novo Master vinculado a Facultade e do Programa de doutoramento, a modificación da Memorias dos Graos ou o impulso da dobre titulación Dereito-ADE.

A continuación o Profesor Pablo Menéndez pregunta se hai alguén que quera facer algunha intervención. Pide a palabra o alumno José Miguel Diéguez Rodríguez que fai dúas preguntas:

1.- Indica que este curso académico, cando dende Delegación de alumnos quixeron promover un curso non puideron. Entende que perderon a ocasión debido a que desde o Decanato se lle deron indicacións que non eran correctas e non se correspondían coas que lle daban dende Reitoría. Pregunta se mellorarán o que entende foron problemas de comunicación para que non volva a suceder o que sucedeu desta volta.

2.- Por outra banda entende que o discurso da Decana estivo moi centrado en aspectos internos, e que non se pronunciou sobre cuestións externas de relevancia dados os recortes que por mor da crise se están a pacer. Quere saber cal será a postura a este respecto que ten o Decanato.

Respecto da primeria cuestión, a Profesora Ana Pita indícalle que desde o Decanato se cumpliu co procedemento previsto para a realización do tipo de curso que se pretendía. Que cando se interesou pola sorte do curso comunicáronlle que os alumnos habían desistido de facelo. En todo caso, insta ao alumnado a que se se atopan con problemas deste tipo o poñan en coñecemento do Decanato para, no seu caso, poder solventalos, pois entende que é importante prestar apoio a iniciativas desde tipo.

En relación coa segunda cuestión resposta que quizáis o Sr. Miguel Diéguez non coñeza diversas iniciativas que se impulsaron pois ata ahí pouco non era membro desta Xunta de Facultade. Recordo que desde este órgano e a instancias do Decanato e de distintos profesores en varias ocasións se fixeron chegar á Reitoría varios escritos nos que se expresaba á postura deste Centro no tocante aos recortes. En todo caso, non considera que ademais disto se teña que pronunciar sobre outro tipo de cuestións políticas.

Ninguén máis intervén e procédese á votación. O Profesor Pablo Menéndez explica cómo se procederá. Vai chamando un por un aos membros da Xunta que van emitindo o seu voto. Procédese ao recuento dos votos obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor da candidatura da Profesora Ana María Pita Grandal: 39

Votos en contra da candidatura da Profesora Ana María Pita Grandal: 15

Votos en branco: 7

Concluído o recuento o Presidente felicita á Profesora Pita Grandal, indica que o resultado será comunicado á Reitoría para que se poida facer o nomeamento e levanta a sesión sendo as 13.45 h. Do que dou fe como Secretaria

Patricia Valcárcel Fernández